

A) PRECIPITACIÓN DE CaCO_3

Material e reactivos

Vidro de reloxo	Funil Büchner	Trompa de baleiro	Balanza
Queimador Bunsen	Pinzas de madeira	Base soporte	Espátula
Vasos de precipitados (2)	Matraz Kitasato	Acendedor	Probeta
CaCl_2 , sólido	Na_2CO_3 , sólido		

Procedemento

1. Mídense coa probeta uns 25 mL de auga destilada e vértense nun vaso de precipitados
2. Pésanse *exactamente*, ó redor de 2 g de CaCl_2 e vértense no vaso. Debe quentarse suavemente para facilita-la disolución.
3. Noutro vaso bótanse tamén uns 25 mL de auga e engádenselle, aproximadamente, uns 3 g de Na_2CO_3 previamente pesados. Quentar suavemente ata disolver.
4. Engádese a disolución de Na_2CO_3 sobre a de CaCl_2 e aparecerá un precipitado de CaCO_3 .
5. Arrefría as paredes do vaso de precipitados co chorro de auga da billa para axudar á precipitación.
6. Prepárase o funil Büchner e o matraz Kitasato acoplados á trompa de baleiro.
7. Pébase un papel de filtro, anótase o seu peso e colócase no funil Büchner.
8. Unha vez fría a disolución, filtrase a baleiro para separar o precipitado de CaCO_3 , que quedará sobre o papel de filtro. Unha vez seco, determínase a súa masa.

B) OUTRAS PRECIPITACIÓNS , en tubo de ensaio:

- | | | |
|--|---|--|
| 1.- 5 cc. de disolución 0,2N de AgNO_3 | + | gota a gota, disolución 0,2N de K_2CrO_4 |
| 2.- 5 cc. de disolución 0,2N de $\text{Pb}(\text{NO}_3)_2$ | + | gota a gota, disolución 0,2N de K_2CrO_4 |
| 3.- 5 cc. de disolución 10% de CuSO_4 | + | gota a gota, disolución de NaOH diluido |
| 4.- 5 cc. de disolución 2N de FeCl_3 | + | gota a gota, disolución de NaOH diluido |
| 5.- 5 cc. de disolución 0,2N $\text{Al}(\text{NO}_3)_3$ | + | gota a gota, disolución de NaOH diluido |